

Cousas de Lugo



Detalles correspondentes ás celdas no interior do patio cuberto

O cárcere do partido (e II)

Unha honra para a capital e os autores da obra

Adolfo de ABEL VILELA

O proxecto foi encargado a Nemesio Cobreros que o asinou o 30 de xuño de 1878, e o presuposto aprobado pola superioridade ascendía a 282.557 pesetas con 35 céntimos. O lugar escollido para a construción foi unha finca situada na Mosqueira, na prolongación da rúa do mesmo nome, propiedade do veciño do barrio de San Roque, José Cuervo e Busto, necesitando uns tres mil metros. O propietario accedía á venda sempre que lle pagasen unha peseta por metro e cinco mil máis pola casa e os accesorios que tiña a finca, cantidade que precisaba para a construción doutra no terreo que lle quedaba sobrance. A Comisión acordou a compra na sesión do 17 de novembro de 1881. O precio de 8.000 pesetas non lles parecía alto.

O 4 de decembro do mesmo ano comunican ter cumprido o encargo que lles fixera a Xunta o 20 de febreiro de 1880, no sentido de ter falado co propietario do terreo onde se pretendía levantar o edificio, e elaboran as condicións facultativas e económicas das obras co obxecto de presentalas ese mesmo día á Xunta. Comisionaron ó gobernador civil para que outorgase a escritura da compra, facendo o pagamento con cargo ós fondos destinados ás obras de construción do novo cárcere.

A subasta das obras sinalouse para o día 22 de xaneiro de 1884, ás doce da mañá no despacho do gobernador civil, asistindo os vocais don Francisco Vázquez Quiroga, don Juan


Paradela, don Antonio Camba, don Antonio Rodríguez Pérez e don Bonifacio Paseiro. En efecto. O día e hora sinalado no despacho de don Francisco de Paula Altolaguirre, coa presenza dos vocais da Xunta, ten lugar a apertura de plicas. O tipo de licitación era de 283.470,59 pesetas, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia.

Das catro proposicións presentadas resultou sela máis aventaxada a de don Tomás Ayala Martínez. Presentaran pregos don José Vizoso, por 282.025 pesetas; don Pedro Rodríguez, por 266.329; don Manuel Pineda Estévez, por 283.070, e don Tomás Ayala e Martínez, por 265.000 pesetas.

Os terreos

As cantidades que tiñan que satisfacelos concellos do partido judicial, necesarias para a adquisición de terreos, execución das obras e outros gastos, foron ingresadas na Depositaria Provincial entre 1881 e 1889, estando a disposición da Xunta de Reforma. Para os asuntos de administración e execución das obras, así como para resolver as dúbidas e dificultades que se presentasen, acordouse nomear unha comisión composta por tódolos vocais residentes na capital sen perxuro de dar conta á Xunta cando se reunise.

O xuíz de primeira instancia deulle-las gracias no nome "dos infelices presos, ó señor gobernador e á Xunta en xeral pola súa actividade en levar a cabo o pensamento da construción dun cárcere modelo neste partido, que virá a se-lo



Unha das torres de vixianza

segundo en España que tiña tan conveniente mellora".

O solar para a edificación tiña unha superficie de 3.785 metros e 50 centímetros cadrados, o que supoñía uns 63 ferrados pola medida de Lugo, recibindo o propietario por ela 2.770 pesetas en moedas de ouro e prata, de man do gober-

nador civil, e 5.000 pesetas pola casa e accesorios. En total, 7.770 pesetas.

O 20 de febreiro de 1884, a mesma autoridade dirixese ó alcalde e dille que a Xunta de Reforma do cárcere acordara o 16 de xaneiro reconecea a necesidade de expropiar terreos contiguos ás obras que se

estaban facendo, encargando ó concello da cidade "a xestión desta mellora que consideraba indispensable, especialmente do terreo que comprende a horta dos herdeiros do señor Pujol".

Esta finca, propiedade de dona Manuela Romai, viuva de José Pujol, atopábase situada entre a ronda exterior da muralla e o novo edificio do cárcere, segundo se desprende da reseña que se fai da súa finalidade:

"Para agranda-la praçina que o ornato, a comodidade e hixiene pública reclama, frente de novo cárcere que se atopa en construción".

As xestións resultaron infructuosas no primeiro intento xa que pedía a cantidade de 11.500 pesetas polo terreo e unha casaña que tiña na finca, considerándose que nin co moito valía a cantidade que se esixía, polo que era preciso recorrer á expropiación forzoza.

A inauguración

Como xa dixemos non existe expediente relativo ó novo edificio, polo que a documentación que conseguimos é moi escasa, incluso as referencias nos xornais locais. Por estes medios de información sabemos que desde o 15 ó 30 de xuño de 1887, o público podía visita-lo edificio antes de proceder á inauguración e traslado dos presos, acto que tivo lugar o día 23 de xullo ás nove da mañá.

Pola noite foron trasladados do cárcere de Armañá setenta e oito presos, acudindo a acompañalos o xuíz de primeira instancia, o tenente fiscal da audiencia, un escribano, un avogado, algunha forza de infantaría e garda civil, e os axentes da orde pública e do municipio.

Polas rúas do tránsito e pola explanada que había diante do edificio, atopábase un grande xentío. Chamou a atención dos curiosos a presenza dun crego entre os presos que se dicía que pertencía á diocese. O parecer era mandado polo gobernador de Jaén ó da Coruña. Un profesor do seminario falou con él en latín, pero non coñecía esa lingua, polo que se supoñía que era un impostor.

O bispo, frei Gregorio María Aguirre, chegou ó establecemento en coche acompañado polo alcalde Martín Eliodoro Rúa e do representante da Deputación Provincial, Antonio Camba. Procedeu á bendición do altar que se atopaba no centro do edificio. Tratábase dun templete poligonal, con vidros de cor azul e marelo, de xeito que na parte baixa podía albergar a algún funcionario, e na parte alta situábase o lugar para oficia-lo crego, accedendo a él por medio dunha pasarela que comunicaba co cárcere das mulleres. A primeira misa oficiouna o bispo que os internos escoitaron desde o hemicycle. Despois de reza-las tres avemarías e as preces preceptuadas polo Papa León XIII, de mitra e báculo, tomou asento e dirixiuse ós presentes durante media hora.

O edificio recibiu grandes eloxios. Citamos como testemuña o que dicía El Lucense.

"O edificio que se acaba de inaugurar, polas súas condicións de solidez, elegancia e atinada distribución, dado ó obxecto a que está destinado, honra a nosa capital e ós directores da obra. Reciban estes os nosos sinceros plácemes".